



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

#### Asunto: Nomeamento de Tenentes de Alcalde.

Unha vez celebradas as Eleccións Locais do pasado 22 de maio de 2011 faise necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, ao nomeamento dos Tenentes de Alcalde, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.

CONSIDERANDO que de conformidade co disposto polos artigos 21.2 e 23.3 da citada Lei, en concordancia cas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 62 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro (en adiante ROF), os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

CONSIDERANDO que esta Alcaldía, en uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente con data 5 de xullo de 2011 procedeu mediante Resolución a designación dos membros da Xunta de Goberno Local.

En uso das atribucións que me confire a citada lexislación, por medio da presente,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO:-** Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello, con efectos do día de hoxe, aos Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, os cales substituirán, polo orde do seu nomeamento, a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

- Primeiro tenente de alcalde:- D. Manuel Pavón López.
- Segundo tenente de alcalde:- Da. Mercedes Josefina González Alonso.
- Terceira tenente de alcalde:- Da. María Teresa López Rego.
- Cuarto tenente de alcalde:- D. Pedro José Fernández Manín.

**SEGUNDO:-**Establecer que no caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que me recoñece a lexislación vixente, e , en especial, a ordenación de pagos e a autorización de talóns bancarios serán realizadas polos Tenentes de Alcalde, de conformidade coa seguinte orde:

- Primeiro tenente de alcalde:- D. Manuel Pavón López.
- Segundo tenente de alcalde: - Da. Mercedes Josefina González Alonso.
- Terceira tenente de alcalde:- Da. María Teresa López Rego.
- Cuarto tenente de alcalde:- D. Pedro José Fernández Manín.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

**TERCEIRO:-** A estes efectos, cando esta Alcaldía teña que ausentarse do termo municipal, establecerá, mediante Decreto, a duración da ausencia, designando o Tenente de Alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta Designación de forma expresa, esta Alcaldía será substituída polo Primeiro Tenente de Alcalde e, no seu defecto, por o seguinte Tenente de Alcalde que se encontre presente na orde de designación antes establecida, sen que durante o mesmo día poda actuar como Alcalde accidental máis de un deles.

**CUARTO:-** Notificar persoalmente a presente resolución aos desinados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde en funcións, non podendo no citado exercicio nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade nin outorgar outras novas.

**QUINTO.-**Dar conta ó Pleno da Corporación desta Resolución na Sesión Extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do ROF.

**SEXTO.-** Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo art. 44.2 do ROF e igualmente publicala no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello, sen perxuício da súa efectividade dende o día seguinte ao da firma da resolución polo Alcalde.

En Foz, a 5 de xullo de 2011.

O Alcalde,

Dou fe,  
A Secretaria,

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira

Asdo: M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas.